



CONCELLO DE TUI  
Concellería de Patrimonio

## OFERTA PÚBLICA DE ADQUISICIÓN POR PARTE DO I.G.V.S., MEDIANTE COMPRA, DE INMOBLES SITUADOS NO NÚCLEO HISTÓRICO DE TUI

---

### CONDICIÓNS DOS INMOBLES

- Inmobles de titularidade privada **inscritos no Rexistro da Propiedade** dentro do **ámbito do casco vello de Tui**. \*
- Deberán permitir a construción, rehabilitación ou renovación de, **polo menos unha vivenda por planta**, e debe ter como **mínimo, dúas estancias**.
- O longo do inmovible deberá ter, polo menos, 4 metros.
- As condicións do inmovible deberán permitir unha iluminación axeitada das estancias.
- **NON SE ACEPTARÁN:**
  - Inmobles onde existan titulares de dereitos de uso que impidan a súa plena disposición.
  - Inmobles que estean sometidos a cargas ou servidumes debidas á existencia de elementos construtivos que poidan ser comúns a outras edificacións (agás muros medianeiros).
  - Inmobles suxeitos a servidumes ou outras cargas, legais ou voluntarias.
  - Inmobles contiguos a outros edificios ou construcións que, debido ao seu estado de conservación, poidan poñer en perigo a estanquidade da auga ou comprometan a seguridade dos elementos construtivos.

### CONDICIÓNS FORMAIS DA OFERTA

- **Escrito onde figuren os datos persoais** (nome e apelidos, enderezo para os efectos de notificación, teléfono, e de ser o caso, correo electrónico), **características do inmovible** con indicación da **súa superficie e da rúa ou praza** onde estea situado, así como **unha proposta do prezo exixido para a súa adquisición** (especificado en letra).

Co escrito deberase xuntar a seguinte **documentación**:

- **DNI** cando a persoa propietaria sexa unha física, e **NIF xunto coa escritura de constitución** en caso de persoa xurídica, así como documento de representación.
- Cando sexa máis de unha persoa propietaria deberase achegar **os DNI de todos e cada un dos propietarios, cota de participación, compromiso de venda da totalidade do inmovible, e un poder** en que se designe a persoa que os represente ante o IGVS.
- **Documento xustificativo da titularidade** do inmovible.



CONCELLO DE TUI  
Concellería de Patrimonio

- **Certificación rexistral** do inmovible.
- **Declaración responsable** do titular do ben de que non existen cargas ou gravames sobre o inmovible.
- **Certificación descritiva e gráfica** da Dirección Xeral do Catastro.
- **Certificación** de que se atopa ao día do **pagamento do imposto de bens inmovibles** e calquera outro tributo.
- **Memoria descritiva** do inmovible onde conste:
  - Superficie da parcela.
  - Superficie construída e útil de cada un dos locais e vivendas existentes na edificación.
  - Superficie edificable do inmovible.
  - Fotografías do interior e do exterior do inmovible que posibiliten identificalo e realizar unha avaliación inicial do seu estado de conservación.
  - Plano de situación do inmovible.
- **Autorización de acceso** ao inmovible.
- **Certificado expedido polo Concello** no que se indique:
  - Condicións urbanísticas aplicables ao inmovible.
  - Que non pesa sobre este orde de execución ou derruba, nin sancións pendentes de pagamento.

## SOLICITUDES, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

- **Rexistro Xeral do IGVS:** Polígono das Fontiñas, s/n – Área Central. 15.707-Santiago de Compostela. Ou **Rexistro Portelo do Concello de Tui.**
- **Prazo de solicitude: Ata o 09/07/2021**

*Resolución do 26 de marzo de 2021 pola que se acorda realizar unha oferta pública de adquisición, mediante compra, de inmovibles situados nos núcleos históricos dos Concellos da Coruña, Ribadavia e Tui, para a construción de edificios de vivendas ou para a súa rehabilitación ou renovación. (DOG nº 65 do 8 de abril de 2021).*

\* Poderán aceptarse ofertas que, non estando debidamente inscritos no momento da resolución deste procedemento, se acredite no momento da presentación da documentación ter solicitado a correspondente inscrición rexistral. Poderá aceptarse de xeito condicional ofertas de inmovibles sobre os que recaesen sancións pendente de pagamento, ordes de execución ou derruba, sempre que se acredite dentro dos 4 meses seguintes á notificación da resolución, ter aboado a sanción, ou ter executado a correspondente orde ou liberado o inmovible de carga ou gravame.

OFICINA DE REHABILITACIÓN DO CONCELLO DE TUI  
Praza do Concello, nº1 36700 TUI  
**986 60 36 25 – Ext. 34**  
**ari@tui.gal**